



## FICHA RESUME

<b>Ano</b>	<b>2009</b>	<b>PE403A 2008/49-1</b>
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DA CORUÑA, MERA, LORBÉ E ARES	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PERCEBE	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>		
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Percebe ( <i>Pollicipes pollicipes</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Ámbito territorial das confrarías da Coruña, Mera, Lorbe e Ares.
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A: Suevos : da praia de Sabón ata praia de Bens. Zona B: Portiño: da praia de Bens ata punta Liseiro. Zona C: Torre: de punta Liseiro ata dique de abrigo. Zona D: Mera: da praia de Bastiagueiro ata punta San Amede. Zona E: Ares: do porto de Ares ata punta Segaña

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
26	30	35
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitación

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		<b>144</b>										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: a pé</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	Setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: embarcación</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	Setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
<b>Especies</b>	<b>A pé (kg/mariscador/día)</b>	<b>Embarcación</b>	<b>kg/habilitación/día</b>
Percebe	7		7

<b>Artes a empregar</b>	Raspa ou rasqueta, segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	---



<b>Puntos de control</b>	Zona A: porto de Suevos. Zona B: porto do Portiño. Zona C: San Amaro. Zona D: dársena de Oza (para as embarcacións) e Zona E : porto de Mera.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas autorizadas de A Coruña, Caión, Malpica, Cedeira e Ferrol

<b>Accións a realizar <sup>(7)</sup></b>	<b>Epocas probables <sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Ambito:** A Orde do 6 de marzo de 2000 no seu artigo 12º.3 no referente aos ámbitos dos plans de explotación: “O ámbito destes plans de explotación será o da zona de produción comprendida dentro do ámbito territorial da entidade interesada. No suposto da elaboración dun plan de explotación conxunto entre dúas ou máis entidades, a zona será a comprendida na totalidade ou parte dos seus ámbitos territoriais, segundo o acordo ratificado polas partes”.

No plan inclúen na zona de explotación parte do ámbito territorial da confraría de Sada polo que, os límites da zona D (Mera) quedan axustados ao ámbito correspondente..

Así, as zonas de de extracción deste plan incluíriáanse nos seguintes ámbitos:

- Da praia de Sabón a praia de Bastiagueiro: ambito territorial da confraria de pescadores da Coruña



- Da praia de Bastiagueiro a porto de Dexo: ámbito territorial da confraría de pescadores de Mera
- De porto de Dexo a punta San Amede: ámbito territorial da confraría de pescadores de Lorbé
- Do porto de Ares a punta Segaña: parte do ámbito territorial da confraría de pescadores de Ares

**Participantes:** Segundo os datos da Delegación Territorial o número de percebeiros a pé é de 26.

O acordo adoptado polos interantes da agrupación refereido a que *aproban o cambio demodalidade de permex a pé á da flote para todos os integrantes da agrupación de percebeiros titulares de un permex a pé e a vez armadores dunha embarcación de baixura é totalmente contrario á normativa vixente* así como a procedemento de concesión de permisos tanto a pé como para as embarcacións. Así pois cómpre que no caso de solicitarse unha ampliación e de que tal solicitude fose aceptada, será a administración pesqueira a que, aplicando o baremo, determine as embarcacións seleccionadas entre todas as interesadas. No obstante, tamén recordar o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008, pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000.

**Topes de captura** na extracción dende embarcación, considérase unicamente por tripulante provisto de habilitación enrolado e a bordo e por día.

**Calendario:** Terá que establecer un calendario de rotación de zonas ou, no seu defecto, unha veda xeral que inclúa os meses de maio e xuño. Para determinar cal destas dúas medidas se adoptará para a xestión do plan deberá contarse co asesoramento dos técnicos da confraría e da Consellería.

**Puntos de control:** recoméndase establecer puntos de control fixos, sen prexuízo de que os vixiantes da confraría podan en calquera momento inspeccionar as embarcacións do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo memos propietario que a entrega”*.

**Accións de mellora do plan.** Establécese a obriga de utilizar un saco estándar para recollida do percebe, cuestión importante dentro da organización interna.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008, pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000, no que respecta ao incumprimento das prescricións contidas nos plans de explotación.

**Observacións xerais:** Solicítase que aqueles días nos que a afluencia dos percebeiros ás rochas sexa inferior ao 20% non sexan tidos en conta para os efectos de renovación dos permisos de explotación a pé. Como regra xeral, a porcentaxe é do 10%, polo que non se acepta a proposta presentada tendo en conta, ademais, a escasa organización do colectivo.

Dado que a agrupación de percebeiros da Coruña carece de regulamento de réxime interno non é posible aplicar o réxime sancionador incluído no plan de explotación tal e como se establece no apartado de observacións xerais. Por este motivo, recoméndase á entidade que mellore este



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA

E ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 544 007 – Fax 981 545 025

aspecto co asesoramento da axente de extensión.

Deberán aportar a seguinte documentación:

- Documentos acreditativos da aprobación do plan polos órganos competentes das diferentes confrarías participantes no plan e a súa delegación na confraría de pescadores de Coruña (**tales documentos deberán terse presentado coa solicitude da primeira apertura mensual**)
- Deberán achegar as coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.